

NON É FÁCIL, PEQUENO ESQUÍO

Texto de ELISA RAMÓN

Ilustracións de ROSA OSUNA

Tradución de MARISA NÚÑEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2005

Non é fácil, pequeno esquío (galego)

ISBN 978-84-8464-183-4. Demademora.

¡No es fácil, pequeña ardilla! (castelán)

ISBN 978-84-8464-311-1. Primeros lectores.

No és fàcil, petit esquí! (catalán)

ISBN 978-84-16804-15-3. Obres d'autor.

Ez da erraza, katagorri! (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-987-6. Autore liburuak.

Não é fácil, pequeno esquilo! (portugués)

ISBN 978-972-8781-98-9. Obras de autor.

Non è facile, piccolo sciolattolo! (italiano)

ISBN 978-88-95933-35-1. Gli albi d'autore.

O esquío vermello estaba triste.

*Sentía unha pena moi fonda porque a súa nai morrera,
e pensaba que nunca máis sería feliz.*

*Seu pai secáballe as bágoas con tenrura,
intentando consolalo...*

A primeira vista, podería parecer que con esta proposta literaria e artística os lectores infantís sintan certo desasosego; pero ao igual que lle sucede ao pequeno esquío, os nenos e as nenas perciben dun xeito natural a experiencia da morte. E buscan respostas. A distancia que achega a fantasía resulta básica para axudalos a entender a perda dos seres queridos.

Trátase dunha historia entrañable, chea de tenrura e delicadeza, que abre as portas a un tema profundo e de tratamento necesario, dando suxestións abeertas e tranquilizadoras sobre a continuidade da vida.

O relato de Elisa Ramón aborda o proceso da dó dende o enfado e a ira ata o efecto reparador dunha aperta, o pranto desconsolado, a soidade e a incompreensión; mais tamén a recuperación do equilibrio emocional a través do amor e das lembranzas. Combinando acuarelas, ceras e lapis, as ilustracións sinxelas e tenras de Rosa Osuna destacan polo seu acerto na representación da figura ausente, e na presenza de elementos simbólicos e obxectos que enriquecen a lectura visual.



- **Temática:** a morte, os afectos.
- **Idade recomendada:** dende 5 anos.
- **Aspectos destacables:** o tratamento da dó; os recordos, os sentimentos; crecemento emocional; da ilustradora de “Avós”, “O oso fabuloso” e “Un agasallo diferente”.

Elisa Ramón

(Barcelona, 1957)

Aínda que comezou a súa formación académica na Facultade de Dereito, a súa traxectoria encamiñouse ao teatro, onde traballou como actriz, tramoísta, apuntadora, rexedora, axudante de dirección e adaptadora de textos infantís. Os lectores mozos son os principais destinatarios das súas obras de creación literaria, publicadas en editoriais como Timun Mas, Ángulo ou Edelvives.

Rosa Osuna

(Segovia, 1961)

Vive e traballa en Madrid. É licenciada en Belas Artes. Despois de dedicarse durante varios anos ao deseño gráfico, á ilustración publicitaria e á animación, actualmente a súa especialidade é a ilustración infantil. Publicou varios álbums ilustrados dos que tamén é autora, e continúa creando e modelando personaxes en tres dimensións para todo tipo de proxectos. “Avós”, editado por KALANDRAKA, foi o seu primeiro álbum ilustrado; seguíronlle “Non é fácil, pequeno esquío” e “Un agasallo diferente”.
<http://www.pinterest.com/rosaosuna2>

